

BANDO

AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2019/2020

Informase aos veciños e veciñas que o Concello de Pontecesures convoca as Axudas á Escolarización dirixidas ao alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) e de Primaria e da ESO.

A Prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos que xera a dotación de libros e material escolar entre outros para o 2º ciclo de Ensino Infantil e para os gastos extraordinarios en equipamento e vestiario que xera o inicio do curso escolar para alumnado de ensino primario e secundario.

Persoas beneficiarias e requisitos:

Escolares que cursen o 2º Ciclo de Educación Infantil, e escolares que cursen Primaria e ESO, membros de unidades familiares empadroadas e con residencia efectiva en Pontecesures, que non reciban outras axudas polo mesmo concepto e finalidade, cuxa unidade familiar non supere os límites económicos (ingresos por todos os conceptos, incluído o rateo das pagas extraordinarias) que se establecen no 100% SMI para dúas persoas, no 125% para 3, incrementado nun 10% por cada membro adicional.

Nº MUF	Máximo semestre	Media mensual
2	6.300€	1.050,00
3	7.875€	1.312,50
4	8.505€	1.417,50
5	9.135€	1.522,50
6	9.765€	1.627,50

a) **Educación Infantil:** Bolsa económica cunha contía individual de 90,00€ por menor.

b) **Ensino primario e Secundario:** Bolsa económica cunha contía individual de 70,00€ por menor

No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ó número de Bolsas previsto, concederanse aos que acaden maior puntuación na baremación das solicitudes.

Documentación:

- Solicitude segundo modelo
- Fotocopia do DNI da persoa Solicitante e integrantes da UFC
- Xustificante do curso que realiza a/o menor
- Fotocopia do Libro de Familia
- No seu caso, Tarxetas de demanda de emprego
- Xustificación, no seu caso, do pago de aluguer ou de créditos hipotecarios de xaneiro a xuño
- Xustificantes dos ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia desde o **1 de xaneiro ao 30 de xuño 2019** (nóminas, certificados de prestacións e/ou pensións, ...)
- Declaración do IRPF 2018 ou Certificación Negativa da AEAT

-Certificación bancaria do número de conta IBAN

No caso de non ter ingresos presentarase o estrato de movementos das contas bancarias nas que figure dos seis últimos meses.

A documentación presentarase referida a todas as persoas que convivan no domicilio, con independencia de se son ou non integrantes da unidade familiar.-

O empadramento e a convivencia serán comprobados de oficio polo concello

Prazo de Solicitude:

Do 22 de xullo ao 10 de setembro

Lugar: **Rexistro Xeral do Concello (Oficinas Xerais)**

Para máis Información poden dirixirse ao Servizo Social Comunitario deste Concello os luns, de 10:30 a 13:30 e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.

Pontecesures, 19 de xullo de 2019

O ALCALDE

Juán Manuel Vidal Seage